

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

- 12931** *Real decreto 1025/2015, do 13 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.*

O Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, dispoñía, de xeito transitorio, as condicións que debían cumprir as materias primas a base de polietilentereftalato (PET) reciclado obtido en España para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con augas de bebida envasadas, mentres non se adoptasen as decisións comunitarias previstas no número 6 do artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 282/2008 da Comisión, do 27 de marzo de 2008, sobre os materiais e obxectos de plástico reciclado destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2023/2006.

O dito real decreto foi modificado mediante o Real decreto 517/2013, do 5 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, que ampliou o seu ámbito de aplicación ás bebidas refrescantes.

Así mesmo, o Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, establece as condicións que deben cumprir o resto de materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos ata que se regulen a nivel comunitario ou nacional.

Tendo en conta que a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (en diante, EFSA) aínda non rematou a avaliación de todas as solicitudes presentadas pero que xa emitiu un gran número de opinións, non tería sentido establecer restricións, no ámbito nacional, do uso do PET ou doutros materiais plásticos reciclados obtidos en España, se as avaliacións destes procesos foron favorables. Deste xeito, pódense adoptar as condicións e limitacións recollidas pola EFSA nas súas opinións. Todas estas solicitudes e opinións pódense consultar na páxina web da EFSA (<http://www.efsa.europa.eu/>).

Por tanto, o obxecto deste real decreto é modificar o artigo 2 do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, e ampliar a autorización de comercialización e uso de materias primas a base de PET ou outros materiais plásticos reciclados obtidos en España a aqueles alimentos que estableza a EFSA nas súas opinións e nas mesmas condicións de uso.

Este real decreto someteuse ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información.

Na súa tramitación foron oídas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, os sectores afectados, as asociacións de consumidores, o Consello de Consumidores e Usuarios e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.*

Modifícase o artigo 2 do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 2. *Condicións para a comercialización e o uso das materias primas a base de polietilentereftalato (PET) ou outros materiais plásticos reciclados obtidos en España.*

Autorízase a comercialización e o uso de materias primas a base de polietilentereftalato (PET) ou outros materiais plásticos reciclados obtidos en España para a súa utilización en materiais e obxectos de plástico destinados a entrar en contacto con alimentos, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (en diante, EFSA) emitise unha opinión favorable sobre o proceso de reciclaxe, de acordo co previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 282/2008 da Comisión, do 27 de marzo de 2008, sobre os materiais e obxectos de plástico reciclado destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2023/2006.

b) Que o responsable do proceso de reciclaxe lles notifique ás autoridades sanitarias competentes da comunidade autónoma onde estean situadas as súas instalacións o comezo da fabricación deste material, para facilitar así o seu control oficial.

c) Que o responsable do proceso de reciclaxe garanta que o PET ou outro material plástico foi obtido seguindo as condicións de fabricación dispostas na opinión da EFSA.

d) Que os operadores que utilicen os envases de PET ou outro material plástico reciclado garantan que se cumpren os usos avaliados pola EFSA.

Todo iso sen prexuízo da obriga que teñen os operadores de cumprir coas condicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 2023/2006 da Comisión, do 22 de decembro de 2006, sobre boas prácticas de fabricación de materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.»

Disposición adicional única. *Gasto público.*

A regulación incluída nesta norma non poderá supor incremento de gasto público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade
ALFONSO ALONSO ARANEGUI